

A asociación *Plataforma na Defensa do Patrimonio das Pontes* con CIF G70162631 e domicilio a efectos de notificación en xxxxxxxx, nº xxx, CP 15320 As Pontes de García Rodríguez,

EXPÓN:

1.- Que o día 9 de outubro recibimos o aviso dun veciño, conforme había máquinas traballando nas marxes da obra da autovía AG-64 no lugar da Mourela (As Pontes de García Rodríguez), enriba dunha mámoa.

2.- Que unha máquina escavadora abrira un camiño no borde da traza de autovía, removendo terra tanto na área de protección da mámoa como no propio monumento prehistórico. (*Apéndice 1*)

3.- A mámoa referida está catalogada no inventario da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia co código GA15070127

4.- A protección establecida para este elemento arqueolóxico estaba establecida en 200 metros segundo as Normas Subsidiarias da Provincia da Coruña, sendo rebaixado pola Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia a 50 metros, no mes de xuño de 2007.

5.- Con data 28 de febreiro de 2008 a nosa asociación denuncia ante a Dirección Xeral de Patrimonio que a área de protección estaba a desaparecer fisicamente ante o correntemento continuado de terras que se estaban a producir no transcurso das obras, ao tempo que se pedía que se tomasen as medidas oportunas a fin de evitar unha alteración do elemento. (*Apéndice 2*)

6.- Toda vez desaparecida boa parte da área de protección do elemento GA15070127, é cando se producen os feitos mencionados, que se detallan a seguir:

- Remoción de terras no entorno de protección do elemento GA15070127. (*Apéndice 3*)

- Remoción e destrución de parte do elemento catalogado, afectando ao inicio da tumulación. (*Apéndice 4*)

- Amoreamento de refugallo sobre o elemento catalogado. (*Apéndice 5*)

7.- Segundo tivemos coñecemento os traballos da maquinaria realizáronse sen que houbera ningún arqueólogo.

8.- Con data 5 de xuño de 2007, a Dirección Xeral de Patrimonio emite un informe no que se permite a continuación das obras da autovía ao seu paso pola área cautelada arqueoloxicamente na Mourela, suxeitas a unha serie de condicionantes. (*Apéndice 6*)

9.- Entre eses condicionantes figura balizar os ámbitos de exclusión de obra nos elementos GA15070127, GA15070129 e GA15070130.

10. Ningún deses tres elementos atópase balizado.

11. Con data de 12 de marzo de 2008 a Subdirección Xeral de Estradas da Consellería de Política Territorial emite un informe no que se dá conta da inestabilidade entre os puntos quilométricos 36+440 e 36+460, que poderían dar lugar a desprendementos na área de exclusión do elemento catalogada GA15070127, existindo a posibilidade de afección negativa do propio elemento. (*Apéndice 6*)

12. Con data de 19 de xuño de 2008 a Dirección Xeral de Patrimonio emite un informe no que se di que ante o risco de desaparición do elemento GA15070127, presentarase a necesidade de “promover un programa que contemplase os traballos necesarios co fin de garantir a axeitada documentación do elemento”. (*Apéndice 7*)

13. Os feitos que vimos a denunciar no presente escrito van máis alá da destrución parcial dun elemento inventariado do patrimonio cultural de Galicia, pois as indicacións referidas pola Dirección Xeral de Patrimonio de balizar as mámoas afectadas polas obras da AG-64, así como a necesidade da promoción dos traballos oportunos para a axeitada documentación do elemento GA15070127, foron flagrantemente ignoradas, co resultado dunha afección negativa sobre este último elemento.

POLO QUE SOLICITA

- A inmediata paralización dos traballos que se están a acometer nas inmediacións do elemento afectado.
- A apertura das dilixencias oportunas a fin de aclarar os feitos, así como valorar a magnitude da destrución da mámoa e do seu entorno.
- A restitución do elemento parcialmente destruído.
- A instalación das balizas na área de cautela arqueolóxica, e polo tanto neste caso, de exclusión de obra dos elementos GA15070129 e GA15070130.
- A elaboración dun plan de protección ambiental por parte das empresas que están traballando na zona que recolla os traballos a realizar e as medidas a desenrolar para evitar a afección dos elementos GA15070127, GA15070129 e GA15070130; que debería ser revisado e aprobado pola súa Dirección Xeral antes de retomar os traballos na zona afectada.

A/a: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
San Caetano, s/n - 15781 Santiago de Compostela

- APÉNDICES

Apéndice 1



Apéndice 2



Apéndice 3



Apéndice 4



Apéndice 5



Apéndice 6



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

Edificio Administrativo San Caetano - Bloque 3 - 2º
15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00



En data 23 de maio de 2008 tivo entrada no rexistro xeral da Consellería de Cultura e Deporte un escrito desa Fiscalía do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no que se solicita a remisión de informe ó respecto das afeccións que poderían supoñer as obras de construción da Autovía Ferrol - Vilalba, treito Casco urbano de As Pontes - Cabreiros, sobre os túmulos de A Mourela (GA15070127, GA15070129 e GA15072130) (As Pontes de García Rodríguez, A Coruña).

Á vista da documentación e dos datos que obran nesta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, poño no seu coñecemento o seguinte:

1.- En data 5 de xuño de 2007 esta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural informou favorablemente a continuación das obras da referida autovía na área cautelada de A Mourela (xúntase copia), cunha serie de condicións:

- *Manteranse balizados os ámbitos de exclusión de obra dos xacementos Mourela 4 (GA15070127), Mourela 6 (GA15070130) e Mourela 7 (GA15070129), nos que non se poderá levar a cabo ningún tipo de obra, e o trazado, na medida do posible, alonxarase destas áreas de exclusión reducindo as dimensións dos noiros ou taludes proxectados. A situación destes elementos e os seus ámbitos deberán figurar na cartografía de obra.*

- *As vías de servizo previstas no contorno dos xacementos de A Mourela en ningún caso deberán afectar ós seus ámbitos de exclusión, polo que será preciso se acometan os axustes necesarios no seu trazado. En relación co vial previsto de reposición da estrada actual, naqueles treitos nos que discorre próximo ás mámoas de A Mourela, deberase valorar a súa incidencia polo equipo de control e seguimento arqueolóxico, o que no seu caso conlevará un recoñecemento exhaustivo dos terreos e incluso o control da súa limpeza se fose necesario. As solucións construtivas que se adopten en relación con estes viais, ou calquera obra auxiliar neste contorno, terán que remitirse xunto co informe do equipo de control e seguimento, a esta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para o establecemento, no seu caso, doutras medidas correctoras.*

- *A totalidade dos traballos de remoción de terras nesta área deberán facerse baixo a supervisión do equipo de control e seguimento arqueolóxico das obras de construción da estrada de referencia, que presentará ó seu remate un informe dos resultados. No caso de detectarse calquera tipo de evidencia de carácter arqueolóxico no transcurso das obras de construción, dita circunstancia terá que ser comunicada á maior brevidade posible a esta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, para que como organismo competente na materia decida sobre a conveniencia de establecer novas medidas protectoras e correctoras.*

2.- En data 12 de marzo de 2008, a Subdirección Xeral de Estradas da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes remite un *Informe de incidencias. Control e seguimento arqueolóxico da obra: Autovía Ferrol- Vilalba. Treito: Enlace casco urbano de As Pontes- Cabreiros* (xúntase copia), asinado polo arqueólogo D. Javier Morchón Viñas. Nel dáse conta da existencia de desprendementos de terras no noiro esquerdo do desmonte, á altura do p.k. 36+450. No mes de febreiro produciuse outro desprendemento na zona contigua, dando lugar a unha serie de inestabilidades que se presentan como fendas de tracción na coroación do noiro, entre os p.k. 36+440 e 35+460, dentro da área de cautela e nas inmediacións do túmulo 4 de A Mourela (GA15070127), afectando a parte do ámbito de exclusión establecido. Esta

Apéndice 7



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA

E DEPORTE

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

Edificio Administrativo San Caetano - Bloque 3 - 2º
15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

situación podería dar lugar a desprendementos inminentes que, a maiores, poderían afectar á seguridade dos operarios.

Dada a situación de inestabilidade do noiro nas inmediacións do túmulo 4 de A Mourela e os riscos que isto implica, na documentación de referencia advírtese da necesidade de adoptar medidas encamiñadas á súa estabilización, consistentes basicamente no seu novo ataludado a 37º, ou inferior. Isto implicaría que a cabeza do noiro se situaría a escasos metros do ámbito de protección integral do túmulo 4 de A Mourela (GA15070127), existindo a posibilidade dunha afección negativa.

Dada a necesidade técnica de levar a cabo o ataludado, ocupando o ámbito de exclusión do Túmulo 4 de A Mourela, e segundo o establecido na lexislación relativa a seguridade e saúde neste tipo de obras, na documentación remitida pola Subdirección Xeral de Estradas considerábase inviable a realización de traballos arqueolóxicos previos na zona que se vería afectada.

3.- Á vista da referida documentación, en datas 10 e 21 de abril de 2008 esta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emitiu informe ó respecto (xúntase copia), no que se fan unha serie de consideracións a ter en conta para a protección e salvagarda do elemento e o seu ámbito de protección integral.

Ó non ter coñecemento dos traballos levados a cabo para a estabilización dos noiros nas inmediacións do referido xacemento, en data 30 de maio de 2008 esta Dirección Xeral solicitou á Dirección Xeral de Obras Públicas á información oportuna ó respecto (xúntase copia), co fin de poder adoptar as medidas protectoras e correctoras específicas.

Dado o risco de desaparición do xacemento de referencia, presentouse a necesidade de promover un programa que contemplase os traballos necesarios co fin de garantir a axeitada documentación do elemento, a súa escavación e, se procedese, a súa posta en valor, adoptando en calquera caso as medidas de seguridade oportunas.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2008

O director xeral de Patrimonio Cultural



Felipe Arias Vilas

FISCALÍA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA.

Sección de delincuencia ambiental.

Avenida de Viena, s/n, 15707

SANTIAGO DE COMPOSTELA